



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E AO PARLAMENTO GALEGO A QUE INVESTIGUEN A XESTIÓN NAS RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE DOS CONTAXIOS E FALECIMENTOS POR CORANOVIRUS EN GALICIA E OURENSE, E PARA QUE GARANTAN UNHA ATENCIÓN RESIDENCIAL DE CALIDADE PARA AS PERSOAS MAIORES NA NOSA TERRA.**

Seguindo a terminoloxía acuñada por Marcell Mauss en 1924, Ignacio Ramonet describiu, case un século despois (2020), á pandemia causada polo SARS-CoV-2 como un “feito social total” que transcende o eido sanitario, convulsionando as relacións sociais e conmocionando “...á totalidade dos actores, das institucións e dos valores”.

Son moitas as persoas que percibimos un mundo antes e despois da COVID-19, adquirindo conciencia do punto de partida mentres nos encamiñamos cara un futuro cuxas bases, en moitos casos, non poderán asentarse nas ata o de agora establecidas. Neste tránsito, estanse a facer evidentes as eivas da nosa sociedade, algunhas delas con particular crueza. Tal é o caso da consideración cara as persoas maiores e, singularmente, do coidado asistencial que lles estamos a prestar nos contornos residenciais.

Conforme aumenta a idade, devecen os lazos familiares, deteriorase a saúde e medra a posibilidade de traspasar a fronteira dende a vida comunitaria independente ao internamento nun espazo residencial descoñecido do que case nunca se retornará.

Nas coordenadas psicosociais contemporáneas, toda unha vida produtiva que contribuíu ao ben común esquécese ao entrar nas residencias de maiores, nas que, en moitas ocasións, as mulleres e os homes anciáns son percibidos coma números e, sobre todo, coma gastos.

Esta perspectiva deshumanizadora guía unha tendencia asilar privatizadora que prende con forza durante a última década, e cuxas máximas son as propias dun negocio forxado sobre a redución de custes laborais e a maximización do lucro, obviando a condición de persoas dos residentes atendidos.

As estatísticas do Centro Superior de Investigacións Científicas (Envejecimiento en Red nº 24, CSIC, 2019) demostran a vitoria deste modelo monetarista en Galicia durante a última década, onde se xestionan o **77,2 %** das prazas en residencias desde o sector privado, case 5 puntos por enriba de media nacional (**72,8 %**). Esta tendencia á moito máis acusada en Ourense, acadando as residencias privadas o **81,1 %** na nosa provincia, ou, incluso, ata **86,09 %** se nos atemos aos datos da Xunta.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Entre as entidades privadas destacan a **Fundación San Rosendo** (1.832 prazas, 32,23 % do total), seguida da **Fundación Valdegodos** (579 prazas, 10,18 % do total), **DOMUS VI** (547 prazas, 9,62 %) e **COVIASSTEC** (157 prazas, 2,76 %).

Escasa cualificación laboral, salarios baixos (situados na órbita do salario mínimo interprofesional), xornadas esgotadoras, multifuncionalidade laboral (limpeza, cociña, aseo de maiores...) caen sobre as costas do persoal auxiliar dos centros privados, cuxo *ratio* empregado/residente mingua considerablemente ao comparalo co das residencias públicas. Todo elo cun único obxectivo: maximizar o beneficio empresarial.

Se a elo engadimos factores coma alimentación de baixa calidade, reducido número de persoal médico e de enfermaría, axustes de horarios e comidas en función das necesidades do centro (tales como o cambio de quendas ou a limitación de efectivos), aínda que tales axustes alteren os biorritmos dos maiores (que moitas veces están durmidos sobre mesas e cadeiras), falla de tempo para levar a pasear aos maiores ou realizar actividades con eles en instalacións exteriores ou fora das residencias, etc. constitúen parte do cóctel que deteriora as persoas maiores residentes.

O último e peor dos ingredientes deste modelo deshumanizador é o referido á consideración de persoa maior dependente como suxeito sen igualdade de dereitos, sobre todo respecto do máis esencial: da propia vida. Tan fatídica receita fíxose explícita no protocolo do SERGAS da Área Sanitaria de Santiago de Compostela referido aos criterios de inclusión de pacientes na unidade de hospitalización “Porta do Camiño”, en cuxo cuarto e último punto dicía: “Exclusións: persoas con dependencia severa (grao II) e gran dependencia (III)” (ver El Plural de 6 de xuño). Deste xeito, deixábase fora das denominadas “residencias integradas” ou medicalizadas aos casos positivos en COVID-19 con niveis medios e altos de dependencia, xerando reaccións comprensibles de indignación entre os familiares destes enfermos.

O modelo privatizador como factor de risco das mortes por COVID-19 acontecidas nas residentes de maiores, e a política de comunicación escurantista de Feijóo

Desde que Feijóo é presidente da Xunta non se ten creado nin unha soa nova praza en ningunha residencia de xestión pública directa. E isto houbera sido crucial para mitigar o impacto da COVID-19, pois as residencias públicas de xestión directa demostraron ser moito máis seguras para a vida que as de xestión privada: aproximadamente o **45 %** das mortes en Galicia por coronavirus partiron de residencias de maiores, e desa porcentaxe o **98 %** tiveron a súa orixe en residencias privatizadas.

A este proceder do mencionado gobernante galego que é contrario a calidade asistencial e, finalmente, á vida dos residentes, hai que engadir a **deliberada falla de transparencia coa que manexou as cifras de mortes de usuarios destes centros**. De tal circunstancia



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

téñense feito eco os familiares nos medios, sinalando que ás 132 mortes “oficiais” nas residencias de maiores, hai que engadir 139 ou 140 adicionais, que están vinculadas ás residencias aínda que non finaran nestas (Galicia Press, 22 de maio de 2020), totalizando **272 mortes por COVID-19 no ámbito residencial** (aínda que hai fontes que as cifran en máis de 300).

Consonte a elo, os datos oficiais indican que dos **132** finados por mor do coronavirus na nosa provincia, só **26** aconteceron en residencias, que representan un **19,69 %** do total, unha porcentaxe que é menos da metade da asignada a estes espazos en Galicia. Sen embargo, as consultas realizadas as organizacións de defensa dos maiores residentes (p. ex., Federación Galega de Usuarios e Familias de Residencias, REDE) e aos propios familiares dos centros, ofrecen un panorama ben diferente. En concreto, contabilizan **76** mortos en Ourense, que constitúen o **57,57 %** do total provincial (10 puntos por enriba da media de Galicia). A diferenza entre os datos da Xunta e das organizacións de defensa dos residentes estriban en que a primeira exclúe das estatísticas ás mortes por COVID-19 que acontecen fora das residencias de Ourense (nos hospitais, p. ex.).

Os tráxicos acontecementos en Celanova, O Barco e Ourense

Cada unha das mortes acontecidas nas residencias de maiores é unha traxedia que debe ser analizada, e esta tarefa debe investigarse con particular detemento naquelas onde tiveron lugar falecementos masivos, co obxecto de esclarecer as causas de tan elevada mortalidade.

A secuencia é moi semellante nos 3 casos: detección dun primeiro caso a mediados de marzo, demora na realización de probas masivas, caos organizativo e multitude de contaxios e mortes.

O caso da **residencia San Carlos de Celanova** foi o primeiro en saír á palestra, e fíxoo no medio do caos o domingo 22 de marzo, case 5 días despois do primeiro contaxio (**18 de marzo**). A irrupción da Unidade Militar de Emerxencias (UME), remitida dende a Subdelegación do Goberno, foi a primeira acción decidida sobre o problema, seguida do desprazamento de médicos da Hospitalización A Domicilio (HADO) do Sergas e de traslados á residencia integrada de Molgas, entre outras accións menos transparentes, ordes de silencio incluídas, así como declaracións de Feijóo culpando ao Goberno do Estado da falla de persoal no centro. O resultado final, alomenos **25 contaxios e 11 persoas finadas**.

Ante as preocupantes noticias que chegaban dende a **residencia Nuestra Señora de Fátima**, o Alcalde de O Barco solicitou, o **26 de marzo**, que se aplicaran tests de coronavirus a residentes e traballadores, e logo insistiu para que o centro fora intervido pola Xunta. O 11 de abril, cando tivo lugar esa intervención, xa non se puideron evitar **contaxios por coronavirus en 60 dos 89 residentes e 18 traballadores**, nin que **finaran**



17 maiores. Seguramente, a intervención limitou o alcance da traxedia, pero debería haberse realizado antes.

Finalmente, a crise debida a contaxios por coronavirus na **residencia Nuestra Señora de la Esperanza** aínda foi de maior magnitude ás anteriores tanto en número de contaxios como de falecementos: **140 contaxios e 40 mortes**. De novo, a demora nos tests masivos parece crucial: segundo transmitiu a propia Fundación San Rosendo mediante declaracións recollidas no Faro de Vigo do 5 de abril, o primeiro contaxio contrastado data do **21 de marzo** -aínda que os médicos do centro sinalaron ao día 20 (entrevista en La Región do 22 de abril)-, e ata o 4 de abril non tiveron os resultados das analíticas totais. É dicir, pasaron máis de dúas semanas entre a detección do primeiro caso e a “foto real” de contaxios nesa residencia. No en tanto, a situación da residencia era caótica, “era coma se estoupara unha bomba na metade da residencia”, en palabras dun dos familiares consultados.

E o último factor de risco, que son as deficiencias de xestión do centro, aparece reflectido no “Informe de Fiscalización do Gasto en Atención Residencial a Persoas Maiores e Dependentes”, elaborado polo **Consello de Contas en 2018**, que realizou numerosas advertencias sobre o funcionamento das residencias de maiores da Fundación San Rosendo e, de xeito singular, da propia Nuestra Señora de la Esperanza, na que detectou cadros de persoal desfasados, con traballadores asumindo funcións para as que carecen de competencia, e con graves incumprimentos no persoal médico -que aparece como voluntario en troques de estar contratado-, ou con postos cualificados que definitivamente non aparecen, tales como o psicólogo ou o traballador social, acontecen nunha residencia que prima unha atención *low cost* plena de irregularidades e custes sorpresa.

Á vista do sucedido nestes 3 centros, poderíase concluír que son os contornos apropiados para afrontar os déficit e secuelas físicas e psíquicas adquiridas polos maiores residentes, singularmente polos máis dependentes tras varios meses de enfermidade e confinamento? Non o parecen. En realidade, os maiores destas residencias e as súas familias foron vítimas dun sistema sociosanitario que ten pouco de social e menos aínda de sanitario.

Con tal situación de fondo, debe investigarse o sucedido con detalle, en troques de tratar de tapar as cifras dunha realidade trágica que a todos nos debe remover nas nosas cadeiras. As direccións e presidencias das fundacións que rexen estes espazos asilares son os responsables do acontecido, e deben dar conta das accións e xestións realizadas para dilucidar responsabilidades, de habelas, e corrixir o que sexa preciso para evitar que se reproduzan estas traxedias no futuro.

Asemade, as consellerías de sanidade e política social da Xunta de Galicia son responsables da saúde e da inspección e do control nos centros de maiores, respectivamente. Neste senso, e en aras á necesaria transparencia, é preciso que aporten luz sobre a existencia ou non de expedientes sancionadores, así como das medidas correctoras



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

recomendadas e realizadas, de ser o caso, incluíndo as adoptadas tras o informe do Consello de Contas de 2018.

Situar aos residentes e ao persoal das residencias con test positivos por coronavirus en cada residencia, así como aos que finaron despois de haber sido usuarios destes centros de maiores, fará máis transparente unha realidade que debe ser abordada de xeito integral e afastada de intereses empresariais.

Para a Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública, existe unha relación entre as deficientes condicións previas das residencias e a incorrecta xestión realizada pola Xunta, co elevado número de persoas afectadas, tanto entre internados/as como entre traballadores/as, que tiveron que afrontar a situación a pesares da falta de recursos e de equipos de protección adecuados. Esta asociación denuncia tamén que as empresas que xestionan estes centros actuaron sen transparencia e sen informar adecuadamente as familias e a poboación, xerando unha grande alarma social.

As diferenzas nos contaxios e na xestión da crise do COVID-19 entre aqueles centros de xestión pública directa e as residencias privadas e concertadas pon en evidencia a necesidade de que a Xunta de Galicia asuma a xestión e dirección dos centros en que se produzan contaxios, e que o persoal e persoas usuarias destas instalacións sexan consideradas un colectivo prioritario e vulnerable.

Todo isto debería levarnos a apostar por un cambio de modelo que protexa a vida e a atención digna e de calidade aos nosos maiores como un dereito. O lucro empresarial non pode estar por riba dos dereitos. Non se trata só de mudar o cambio de titularidade de privada a pública, elemento que entendemos fundamental, senón de poñer a saúde por diante de calquera criterio económico.

Neste contexto, debemos exixir á que a Xunta garanta que a futura nova residencia que se vai construír en Ourense sexa de xestión pública directa, porque non podemos permitir que a atención xeriátrica se entenda como un simple negocio.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

1. Instar ao Parlamento de Galicia a:
 - a. Crear unha Comisión de Investigación sobre a xestión nas residencias da terceira idade dos contaxios e falecementos por mor da crise da covid-19.
2. Instar á Xunta de Galicia a:



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

- a. Presentar un informe no Parlamento de Galicia onde consten as accións realizadas até o momento nas residencias da terceira idade así como os expedientes abertos, e as sancións aplicadas perante posibles incumprimentos.
- b. Dotar a todos os profesionais das residencias de maiores de equipos de protección (EPs), así coma a realización de probas PCR ao persoal e a internos das residencias.
- c. Elaborar un plano para a medicalización de forma efectiva das residencias, con criterios sanitarios, diante da posibilidade de novos rebrotes da pandemia nos vindeiros meses.
- d. Garantir de medidas de hospitalización para persoas das residencias que o precisen.
- e. Inspeccionar e avaliar o cumprimento da normativa legal vixente en todas as residencias da terceira idade e, no seu caso, revisar e rescindir os concertos ou contratos con entidades ou empresas que acumulen incumprimentos da mesma.
- f. Establecer un mecanismo de acceso á información para as familias dos residentes transparente, estable, fiable e diario, facilitando datos do estado de ocupación e a evolución das persoas residentes.
- g. Que a próxima residencia da terceira idade que se construíra en Ourense sexa de xestión pública e directa.
- h. Poñer en marcha medidas para axudar as familias que están custeando prazas privadas, agardando por unha pública, que queden sen recursos ou os vexan minorados por esta situación de crise sanitaria.
- i. Mudar as políticas de privatización e a camiñar cara a xestión directa dos centros socio-sanitarios de atención á dependencia.
- j. Que se investigue o sucedido nas residencias San Carlos de Celanova, Nuestra Señora de Fátima de O Barco de Valdeorras e a residencia Nuestra Señora de la Esperanza de Ourense -así coma en todas aquelas residencias da provincia na que houbo mortos durante a crise do coronavirus-, a fin de



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

identificar a causalidade e trazabilidade dos contaxios e de valorar a aplicación e efectividade dos protocolos, e que se lles aclare aos afectados ou, no seu caso, aos familiares, as dúbidas que albergasen sobre a corrección ou idoneidade das pautas seguidas, e se lles explique co maior detalle posible o razoamento que leve á dedución dalgún tipo de responsabilidade.

- k. Que a fin de abordar coa maior humanización posible situacións extremas como as vividas, se siga a traballar en protocolos de comunicación e información aos familiares

Todo elo para protexer aos nosos maiores, vulnerables polo declive asociado á idade e pola agrupación na que viven nas residencias, porque é de xustiza social garantirlle unha vellez dignas ás persoas que loitaron por nós, e porque traxedias coma estas non deben volver a acontecer nunca máis.

En Ourense, 12 de xuño de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE